

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Deputación de Pontevedra para o establecemento dun marco de actuación conxunta nas ensinanzas de Educación Primaria, Educación Especial, Educación Secundaria Obrigatoria e Formación Profesional a favor do desenvolvemento do espírito emprendedor no marco de Eduemprende

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, de conformidade coas atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia, o Decreto 44/2024, de 14 de abril, polo que foi nomeado conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 138/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Doutra parte, Luís López Diéguez, que actúa en nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidente do devandito organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Dá fe do acto Carlos Cuadrado Romay, secretario da Deputación de Pontevedra, en exercicio da súa función, de acordo co disposto no artigo 3.2.i do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Ambas as partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas e, para estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

1. Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.
2. Que a Deputación de Pontevedra, na liña do seu apoio ao emprendemento en diferentes áreas, promove o desenvolvemento, no marco do programa "DepoEmprende", de proxectos que integran experiencias innovadoras nos centros educativos sostidos con fondos públicos. A entidade busca potenciar a orientación profesional e o emprego e, cos medios e recursos materiais dos que dispón, fomentar iniciativas que teñan como finalidade a incorporación da cultura e o espírito emprendedor mediante a integración metodolóxica e pedagóxica de elementos de xestión empresarial e competencias clave nas aulas.
3. Que no escenario actual, definido por unha constante transformación e pola aparición de retos tecnolóxicos e ambientais, o fomento do emprendemento constitúe un vector estratéxico para garantir o crecemento económico, a innovación e a cohesión social. Nesta liña, a formación escolar emerxe como un elemento fundamental para cultivar, desde as etapas máis temperás, capacidades esenciais coma a creatividade, a iniciativa, a

responsabilidade e a autonomía persoal, tal como se menciona no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030.

4. Que na Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio ás persoas emprendedoras e a súa internacionalización, no seu capítulo I, "Educación en emprendemento", establécese que as administracións educativas fomentarán as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial.

5. Que no Decreto 155/2022, de 15 de setembro, no que se establece a ordenación da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 16, faise referencia ao emprendemento como elemento transversal para traballar en todas as áreas. Dispónse isto, así mesmo, no artigo 18 do Decreto 156/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Pola súa banda, na Lei orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, establécese que o sistema de formación profesional incluírá a orientación e/ou apoio ao emprendemento, actividades de fomento da cultura emprendedora, do sentido da iniciativa e da capacidade de iniciar novos proxectos empresariais, favorecendo a creación de empresas.

6. Que ambas as partes comparten o convencemento de que traballar e potenciar as habilidades emprendedoras do alumnado repercute de xeito positivo neste, non só no profesional senón tamén no persoal. Ademais, xera un impacto positivo na sociedade, ao aumentar a súa capacidade competitiva e xerar riqueza.

En virtude do exposto e no exercicio das competencias que teñen atribuídas, as partes intervinientes formalizan este convenio con base nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é a colaboración das entidades asinantes para promover e fomentar actividades e iniciativas emprendedoras dentro do marco do Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia, Eduemprende, en educación primaria, educación especial, educación secundaria obrigatoria e formación profesional.

Esta colaboración céntrase na implantación e desenvolvemento do programa "DepoEmprende", dirixido a centros educativos da provincia de Pontevedra sustentados con fondos públicos dependentes da Xunta de Galicia. O dito programa contempla diferentes proxectos, co obxectivo de adaptarse ás necesidades de cada etapa educativa, nos que se propón unha metodoloxía dinámica e participativa para que o alumnado sexa o protagonista da súa propia aprendizaxe.

Segunda. Compromiso das partes

A Deputación de Pontevedra levará a cabo as seguintes actuacións:

- a. Poñer á disposición dos centros da provincia de Pontevedra participantes no programa "DepoEmprende" os medios materiais e persoais para que desenvolvan iniciativas de fomento da cultura emprendedora ou actividades prácticas que integren e promovan valores emprendedores con base na convocatoria anual deste programa.
- b. Dispoñer dunha plataforma de aprendizaxe baseada en Moodle na que compartir recursos formativos e didácticos, asesorar e titorizar os centros participantes e favorecer a comunicación con e entre estes.
- c. Organizar, executar e difundir as actuacións que considere máis pertinentes para a promoción do programa e dos proxectos que o conforman.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia incorporará este proxecto de formación ao Plan Eduemprende a través das seguintes actuacións:

- a. Colaborar no desenvolvemento do proxecto obxecto deste convenio, na selección de participantes, no seguimento das actuacións e na difusión e transmisión destas a todos os centros educativos de Galicia.
- b. Crear un apartado específico no seguinte enderezo web: <https://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende>, onde se recollerá toda a información xerada neste programa.

Terceira. Publicidade e difusión

Ambas as partes aceptan que cada unha delas sexa libre de facer públicos os termos deste convenio e a relación entre as partes.

Cuarta. Vixencia do convenio

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia por un período de catro anos, e poderá prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera delas. A denuncia deberá realizarse por escrito, con dous meses de antelación á finalización do convenio.

Quinta. Extinción do convenio

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nalgunha das causas de resolución.

Ademais das expresadas na normativa vixente, as causas de resolución serán:

- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- O mutuo acordo das partes asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes. No caso de que se incumpran as obrigas e os compromisos adquiridos polos asinantes, calquera das partes poderá requirirlle á parte incumpridora que cumpra no prazo dun mes coas obrigas e os compromisos que correspondan. Se transcorrido o prazo dun mes persistise o incumprimento, notificaráselle a resolución do convenio, a cal non comporta indemnización de ningún tipo.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa que faga inviable a continuación das actuacións obxecto deste convenio, logo da comunicación e tratamento por parte da comisión de seguimento.

Sexta. Comisión de seguimento e coordinación

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión que terá como funcións a programación, o seguimento e a avaliación das actuacións derivadas deste convenio, así como a súa interpretación; en concreto, prestarlle unha especial atención ao adecuado desenvolvemento das accións que se poñan en marcha como resultado dos acordos alcanzados no seu seo.

Esta comisión estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- Dúas persoas representantes da Deputación de Pontevedra.

- Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que actuará como secretaria.

Esta comisión desenvolverá as reunións que considere oportunas para promover a realización das actuacións que poidan derivar deste convenio e resolver as cuestións que xurdan da súa aplicación.

Sétima. Confidencialidade

As partes comprométense a gardar a debida confidencialidade respecto da información e documentación á que teñan acceso como consecuencia da execución deste convenio, especialmente cando conteña datos persoais ou información sensible para o desenvolvemento das actuacións previstas.

Esta obriga de confidencialidade manterase durante a vixencia do convenio e despois da súa extinción, sen prexuízo das obrigas de publicidade activa e dereito de acceso á información pública que resulten aplicables conforme a normativa de transparencia.

Oitava. Protección de datos

As partes que subscriben este convenio comprométense a que calquera actividade de tratamento de datos persoais que derive do seu desenvolvemento e execución se realice de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPD), na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), na restante normativa de desenvolvemento que resulte de aplicación, así como no Esquema Nacional de Seguridade (ENS), regulado polo Real decreto 311/2022, de 3 de maio.

Na execución deste convenio, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Deputación de Pontevedra actuarán como responsables do tratamento independentes, ao determinar cada unha delas, no seu respectivo ámbito de actuación, os fins e medios dos tratamentos de datos persoais necesarios para executar o convenio.

En consecuencia, cada parte asumirá individualmente a responsabilidade fronte ás persoas interesadas e fronte á autoridade de control competente respecto do cumprimento das

obrigas que lle correspondan, conforme a normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

Os tratamentos de datos persoais que resulten necesarios para asinar e executar este convenio terán como base xurídica o disposto no artigo 6.1.e do RXPd, ao seren necesarios para cumprir unha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ás partes, sen prexuízo de que poida resultar tamén aplicable o artigo 6.1.c cando o tratamento derive do cumprimento dunha obriga legal.

No caso de que a correcta execución das actuacións previstas neste convenio requira a comunicación de datos persoais dunha das partes á outra, esta comunicación limitarase aos datos estritamente necesarios conforme o principio de minimización e realizarase ao abeiro das bases xurídicas antes indicadas.

A entidade cesionaria adoptará as medidas técnicas e organizativas apropiadas para garantir un nivel de seguridade adecuado ao risco, de conformidade co artigo 32 do RXPd e co ENS.

Con carácter previo á realización das actividades formativas ou actuacións que impliquen o tratamento de datos persoais, as partes facilitaranlles ás persoas interesadas a información prevista no artigo 13 do RXPd, que incluírá, entre outros asuntos, a identificación da persoa responsable do tratamento, a finalidade, a base xurídica, as persoas destinatarias dos datos, o prazo de conservación e os dereitos que os asisten.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade nos termos previstos na normativa vixente, mediante comunicación dirixida á persoa responsable do tratamento que corresponda, ben ao seu enderezo postal, ben a través do enderezo electrónico da persoa delegada de protección de datos, se estivese habilitada.

No suposto de que unha solicitude de exercicio de dereitos se presentase ante a parte que non resulte competente para a súa tramitación, esta comunicarllo á entidade competente á maior brevidade posible e informará desta circunstancia a persoa interesada.

Novena. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

Este convenio inscribírase no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia e publicarase na sección de Transparencia do portal web da Deputación de Pontevedra, nos termos establecidos na normativa estatal e autonómica en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

A publicidade realizarase garantindo, en todo caso, o respecto á normativa de protección de datos persoais e ao principio de minimización, e limitarase aos datos estritamente necesarios para cumprir as obrigas legais de publicidade.

Décima. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, conforme ao contemplado no artigo 4 da citada lei.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade co exposto, ambas as partes asinan o presente convenio na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Román Rodríguez González

O presidente da Deputación de Pontevedra

Luís López Diéguez